



Sala de comunicación

Actualidade

Novas

Hemeroteca

Actualidade en imaxes

Actualidade en vídeos

Actualidade en sons

Videoteca

Plans e actuacións

Consellos de Goberno

Conferencias e discursos do Presidente

Actualidade

Novas

Hy,ndv#h#xh#r#sup hlx#r#d#gh#i#f#v#y#g#d#h#e#l#h{+w#f#d#e#r#l#g#f#g#d#h#i#q#(ru#d#g#d#h#d#f#e#r#u#o#q#h#d#f#l#d#g#r#i#v#e#h#e#r#u#g#d#v#h#r#u#d#v#h#h#j#x#u#g#d#h#r#H#w#d#r#

A tempada de caza adiántase ao domingo 14 de outubro

A decisión foi adoptada despois de consultar coa Federación Galega de Caza e con outras organizacións representativas do sector

A favorable climatoloxía rexistrada na primavera e verán propiciou un adiamento no inicio da época reproductora das especies cinexéticas polo que se decidiu permitir a actividade unha semana antes

Este adiamento sitúase dentro das marxes habituais de comezo da tempada cinexética, que nos últimos dez anos moveuse entre os días 12 e 22 do mes de outubro



Yr#q#hu

Santiago, 4 de outubro de 2012. - A Xunta de Galicia publica hoxe no Diario Oficial de Galicia a resolución da Dirección Xeral de Conservación da Natureza pola que se modifica o período hábil para exercer a caza, que se adelanta ao día 14 de outubro de 2012, mantendo a súa duración ata o 6 de xaneiro de 2013, ambos inclusive.

A favorable climatoloxía rexistrada na pasada primavera e verán propiciou un adiamento no inicio da época reproductora das especies cinexéticas polo que se decidiu permitir a actividade unha semana antes.

O día 21 de outubro tamén será hábil para a actividade cinexética, pero con este adiamento evítase que o primeiro día de caza coincida en xornada electoral facilitando así a labor das forzas de seguridade, pois permitirá conxugar a vixilancia e o correcto desenvolvemento dos comicios co apoio especial que sempre se presta no primeiro día da tempada de caza, especialmente pola Garda Civil.

A decisión de adelantar o inicio da tempada foi adoptada despois de consultar coa Federación Galega de Caza e con outras organizacións representativas do sector, así como coa propia Garda Civil.

O adiamento da temporada de caza ao día 14 sitúase dentro das marxes habituais de comezo da temporada cinexética, que nos últimos dez anos moveuse entre os días 12 e 22 deste mes de outubro (a temporada pasada abriu o día 16).

Tema: F r q v h u y d f l k g h j d h g d w x u h j d

Compartao : 0

Departamento: F r q v h u y d f l k g h j d h g d w x u h j d e l h q w h # h u u l e r u l e # h # h q u d h v w x w c u d v

